

# Poemas. Keith Payne

## O poeta elixe a soidade

**Se estivese erguido sobre os acantilados atlánticos,  
a tua voz querería escutar.  
Se andivese sedento baixo o sol do deserto,  
os teus beizos desexaría bicar.  
Mais agora sei que só me queda unha noite de sono  
e prefiro pasala en soidade.**

**Se andivese perdido nas ruas da cidade,  
gostaríame sentir o teu tacto.  
Se estivese perdido no inmenso mar,  
devería caer nas tuas redes.  
Mais agora sei que só me queda unha noite de sono  
e prefiro pasala en soidade.**

## Labrando a Terra

**Sentado no cumio do cantil, entre as costelas costeiras  
e o corazón da terra, tiña alcanzado o altiplano  
desde onde podía respirar o cheiro da choiva chegar.**

**Cando abriron as nubes  
unha perfusión de sol de verán tardío,  
deitou o seu bafo sobre a auga.  
Debaixo, un cormorán de longo pescozo  
encara a barriga ondeante do mar.**

**Vai ao Leste  
cara extranos andeis almeados,  
apertados como viaxeiros urbanos  
encorvados contra o vento.**

**Faces tras das xanelas  
ollan a choiva caer sobre a herba;  
unha periferia de cabichas  
e a canción dos paxaros urbanos sulagados.**

Keith Payne é un escritor irlandés (Dublin) que vive en España desde 2008. Tradutor de producións literarias (contos e poemas) tamén escribe poesía, inspirada en incidencias aparentemente sen importancia que logo rexurden en forma de lúricas lembranzas de viaxes, encontros ou situacións que destacan pola sua musicalidade e ritmo.

Os seus poemas aparecen publicados en diversas revistas poéticas de fala inglesa e española. Asemade, tamén se tén aventurado na creación teatral na que destaca a obra "Protect me from what I Desire", representada en Irlanda, Nueva York, Sídney e España.

## Sumerxido

**O mar ábrese  
e péchase  
en cada inmersión.**

**Baixo a auga  
os ollos asómbranse  
coas verdes algas.  
un remuíño de area  
impulsa  
unha medusa desde o argazo.**

## O valo de auga

**Sempre me sinto relaxado na auga  
cando me agarro no borde do bote  
e arrefriánseme as pernas ao flotar  
por iso me solto.**

**A escuridade está lonxe,  
axexándome.  
Estou aprendendo a respirar no mar.**